

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
DATA: 29/04/2020
SAIDA: 4408/20

D. Miguel A Delgado González, Plataforma en
Defensa del Sector Marítimo Pesquero de
Galicia (PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera 28 2º dereita
15005 A Coruña

Reclamante: D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA)
Expediente. Nº **RSCTG 1/2020**

Correo electrónico: prensa@xornalgalicia.com

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) , mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 3 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de abril de 2020.

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 3 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante a Secretaría Xeral de Medios, referente a identificación de letrados da Xunta de Galicia en determinados expedientes da Xunta Electoral Provincial da Coruña.

O reclamante indicaba que se solicitou información sobre identificación dos letrados da Xunta de Galicia persoados nos expedientes 52/2019, 111/2019 e 112/2019 da Xunta Electoral Provincial da Coruña e copia da orde de persoación nos procedementos identificando ao seu autor.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, de copia dun acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña e de copia da dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Segundo. Con data do 7 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 14 de xaneiro de 2020.

Terceiro. Con data 3 de febreiro de 2020 a Dirección Xeral da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe solicitado.

A Dirección Xeral da Asesoría Xurídica emite o informe dado que, a pesar de que a reclamación se dirixe formalmente contra a falla de contestación dunha solicitude á Secretaría Xeral de Medios, a competencia sobre a materia corresponde á dita Asesoría.

O informe considera que dada a natureza da solicitude e o seu obxecto, son cuestións que non forman parte do dereito de acceso á información pública, tendo a mesma un carácter abusivo, non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei.

Considera que pese a que o escrito de solicitude se tivese cualificado polo recorrente como de información pública, o seu contido real responde ao dunha denuncia consistente en poñer en coñecemento da administración unha serie de feitos que estima constitutivos dunha conduta incorrecta ou desviada, aludindo a que existen "claros datos" de delito.

O que no escrito se engade como motivación, son os feitos que denuncia, polo que debe prevalecer a natureza de denuncia, sendo a solicitude de información meramente instrumental da denuncia que se formula, e non ser por tanto a súa falta de resposta un acto susceptible de reclamación en materia de acceso á información pública.

A petición de información, de identificación dos letrados da Xunta de Galicia personados nos expedientes da Xunta Electoral Provincial de A Coruña e copia da orde de persoación nos procedementos é unha información que non existe. Non houbo unha persoación formal, xa que non resulta necesaria legalmente, sendo as alegacións asumidas e asinadas polo propio director xeral da Asesoría Xurídica Xeral, como é practica habitual, polo que considera a Asesoría que o dereito a acceder a documentos inexistentes non forma parte do contido do dereito á información pública e a petición debe ser inadmitida.

Ademais considera que a identificación das autoridades ou persoal que participan nos procedementos non é información pública, senón un dereito distinto que se regula no artigo 53.1.b) da Lei 39/2015, e referido soamente aos interesados nun procedemento.

Entende o informe que a reclamación debe ser desestimada porque a solicitude incorre na causa de inadmisión do artigo 18.1.e) da Lei 19/2013, por ter un carácter abusivo non xustificado coa finalidade de transparencia da Lei, dado que fai unha imputación de feitos delitivos cunha tipificación concreta que, a xuízo do denunciante, deberían xustificar a apertura de dilixencias penais. O contido difamatorio e insultante do escrito resulta elemento de xuízo suficiente para percibir na intención do seu autor un abuso de dereito, tendo en conta que sobrepasa manifestamente os límites normais do exercicio dunha petición de transparencia, e atribúe conspiracións delitivas a todo un conxunto de autoridades públicas, polo que non pode considerarse que a solicitude formulada estea xustificada coa finalidade da Lei, nin existe ademais un interese xeral obxectivo na divulgación da información solicitada.

Considera por tanto que a reclamación non pode ser acollida e solicita que se inadmita ou ben, de considerala admisible, que se desestime.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a súa solicitude de acceso á información presentouse con data do 26 de outubro de 2019, sen que se lle notificase resolución expresa, e a reclamación a presentou con data de entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2019, tendo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de xaneiro de 2020, remitida pola Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia e remitida pola Secretaría Xeral da Presidencia, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O dereito de acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a Lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Por tanto, pode ser obxecto dunha solicitude de acceso, calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma, sen que sexa necesario motivar a solicitude, xa que este dereito non está vinculado necesariamente á titularidade dun interese por parte do solicitante. A formulación ampla deste dereito, fai que unicamente poda inadmitirse ou denegarse a información solicitada cando conorra algunha causa de inadmisión das establecidas no artigo 18 da Lei 19/2013, ou na información solicitada

concorra algún dos límites de acceso á información establecidos nos artigos 14 e 15 da referida Lei.

É necesario lembrar que o obxectivo final da Lei é o escrutinio da acción pública, e iso mediante o coñecemento do proceso de toma de decisións como medio de rendición de contas dos responsables públicos. Por tanto, dende esa perspectiva deben ser analizadas as solicitudes de acceso á información que teñan o seu amparo na mesma.

Os Tribunais de Xustiza xa se pronunciaron no sentido de que o acceso á información debe recoñecerse con carácter amplo, e así, o Xulgado Central do Contencioso-Administrativo nº 4 de Madrid, en sentenza nº 93/2017, do 17 de xullo de 2017, establece que o artigo 12 da Lei 19/2013 recoñece do dereito de acceso á información pública a todas as persoas, sen distinción. O Tribunal Supremo en sentenza do 16 de outubro de 2017 (recurso de casación 75/2017) considerou que calquera pronunciamento sobre as causas de inadmisión do artigo 18 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na dita Lei, polo que este dereito que poderá exercerse sen necesidade de motivar a solicitude, unicamente pode verse limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información que se solicita, derivado do disposto na Constitución Española, ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. En todo caso, a formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva, tanto as limitacións a ese dereito que se contemplan no artigo 14.1 da Lei 19/2013 como as causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas no artigo 18.1.

No presente caso, o interesado, en representación dunha asociación, solicitou, mediante o correspondente formulario de acceso á información pública, á Secretaría Xeral de Medios da Presidencia da Xunta de Galicia, unha información consistente en que se identificaran aos letrados da Xunta de Galicia persoados nos expedientes 52/2019, 111/2019 e 112/2019 ante a Xunta Electoral Provincial da Coruña e copia da orde de persoación nos ditos procedementos, identificando ao seu autor, sen que lle fose notificada resolución expresa á dita solicitude.

Considera o informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia remitido, en primeiro lugar, que debe inadmitirse a reclamación por ser a solicitude non de acceso á información pública, senón unha denuncia, xa que a pesar de estar formulado como solicitude de acceso, o que o interesado cualifica como motivación é a posta en coñecemento da Administración dunha serie de feitos que o reclamante considera como conduta incorrecta, desviada ou delitiva.

O interesado solicitou un contido (identificación do/s funcionarios públicos -letrado/s- persoados en determinados expedientes) e un documento (copia da orde de personación

nos ditos expedientes), contidos e documentos que de existir, feito este que analizaremos a continuación, entran claramente dentro do concepto de información pública establecido polo artigo 24 da Lei 1/2016. Por tanto, o feito de que a *motivación* da solicitude, motivación que non é obrigatoria como é sabido, sexa realmente unha denuncia, non pode ser motivo de inadmisión ou de denegación da información solicitada.

A solicitude de identificación dun empregado público, constitúen claramente información pública, dado que, como se recoñecen en distintas resolucións de órganos e control da Transparencia, entra claramente no concepto de *datos meramente identificativos relacionados coa organización*, dos que de acordo co disposto no artigo 15.2 da Lei 19/2013, debe concederse o acceso, salvo que no caso concreto prevaleza a protección de datos persoais ou outros dereitos constitucionalmente protexidos sobre o interese público, circunstancias que non se alegan neste caso, polo que debe presumirse que non concorren.

Non se pode considerar aplicable ao presente caso a disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013 respecto ao acceso á aplicación da normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo en vez da normativa en materia de transparencia, dado que para que non sexa de aplicación a Lei 19/2013 e o sexa a normativa que rexe o procedemento ante a Xunta Electoral, debe tratarse dun procedemento administrativo *en curso*. No presente caso, ao existir, segundo o informe remitido, resolución da Xunta Electoral, sen que de ningún xeito se xustifique que o procedemento administrativo non esta finalizado, debemos entender que si o está, polo que lle é de aplicación a normativa de Transparencia, aínda que o solicitante teña a condición de interesado, ao non estar no momento da solicitude, o procedemento *en curso*.

Dito o anterior, débese ter en conta que segundo o informe da Asesoría Xurídica, a información solicitada non existe, por canto no procedemento sobre o que se solicita a información non procede a persoación de letrado, e por tanto non existiu orde de persoación algunha, sendo as alegacións presentadas no procedemento, asumidas polo director da Asesoría Xurídica. Nos casos nos que a información solicitada polo interesado non exista, o suxeito obrigado debe responder expresamente á solicitude de acceso, informando de forma clara ao petionario, que a información que se solicita non existe, quedando deste xeito satisfeito o dereito de acceso á información, sen que se poida considerar que a comunicación desa inexistencia, involucre unha valoración xurídica.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) con data do 3 de xaneiro de 2020, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude de acceso á información ante a Secretaría Xeral de Medios.

Segundo: Instar á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a que, de acordo co disposto no fundamento xurídico quinto, no prazo de dez días proceda a ditar resolución expresa sobre a solicitude de acceso, mediante a comunicación da información que proceda.

Terceiro: Instar a Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, a que unha vez ditada a resolución, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da dita comunicación.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses¹, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.

¹ Debese ter en conta que de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, os prazos procesuais están interrompidos e suspendidos para todas as ordes xurisdicionais, ata que non que perda vixencia o citado Real Decreto, renovándose o cómputo de prazos nese momento.